

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NA CONTORNA SANITARIA

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2025

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Don Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Dona María Mercedes Fernández Angulo, presidenta da Federación Autismo Galicia con NIF: G15549306, que actúa en nome e representación desta,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.



SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Á Saúde Mental é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

TERCEIRO.- Que o Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19. Periodo 2020-2024, establece no seu eixe 1: *Participación, autonomía e sensibilización* accións de sensibilización á cidadanía para a inclusión social das persoas con trastorno mental e de promoción dos dereitos das persoas con discapacidade.

CUARTO.- Que entre as actividades da Federación Autismo Galicia, que agrupa diversas entidades e organizacións da nosa Comunidade Autónoma adicadas especificamente ao ámbito das persoas con trastorno do espectro autista (TEA), atópanse aquelas que teñen como finalidade a información, valoración e asesoramento ás persoas con TEA e ás súas familias; así como actividades relacionadas coa sensibilización, información e difusión deste trastorno.

QUINTO.- A Federación Autismo Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTO.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento de actividades de divulgación e sensibilización dende a Federación Autismo Galicia encamiñadas a facilitar o achegamento ao sistema sanitario daquelas persoas con problemas específicos de comunicación como son as persoas autistas.

Por todo isto, dadas as razóns de interese público que constitúe o seu obxecto, e de acordo con previsto nos artigos 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento das seguintes accións:

- Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.
- Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.
- Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.

SEGUNDA.-OBRIGAS.

A federación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a) Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria.
- c) Remitir á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria a actividade realizada, con periodicidade semestral, segundo o anexo 4.
- d) Comunicar calquera modificación, suspensión ou vacante no cadro de persoal. Os gastos derivados destas variacións soamente serán subvencionables desde a data da comunicación efectiva e, en ningún caso, terán efecto retroactivo.
- e) Comunicar, en todo momento, á Subdirección Xeral de Atención Primaria



calquera modificación nas datas, no horario e nos lugares previstos para o desenvolvemento das actividades do convenio.


- f) Axustarse á lei de protección de datos e as instrucións do Servizo Galego de Saúde sobre esta materia.
- g) A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- h) A Federación Autismo Galicia nomeará un/unha coordinador/a do proxecto, que será a persoa de referencie e contacto co Servizo Galego de Saúde.
- i) A Federación Autismo Galicia asume a obriga de subministrar, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte da Administración das obrigas de transparencia previstas na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bon goberno.

TERCEIRA.-ORZAMENTO.

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese para levar a cabo o programa a achegar a cantidade de corenta e tres mil catrocentos cinco euros **43.405 €** con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.18**, co código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de



organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 972007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA.-SUBCONTRATACIÓN.

Cando sexa necesario, polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios delas, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 50% da actividade realizada a abeiro de este convenio.

A Federación Autismo Galicia comunicará, no seu caso, a subcontratación á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

No caso de que se supere esta porcentaxe de subcontratación, a cantidade excedida minorarase do importe concedido a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. En ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.



SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación de gastos e o seu pagamento realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa con achega de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pagamento da contía establecida na cláusula terceira farase mediante os seguintes procedementos:

Pagamentos anticipados: Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, presentando por parte da asociación:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3.

Pagamentos parciais: poderanse realizar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva, de carácter voluntario, segundo o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

De acordo co artigo 65.4 do citado decreto, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

A data límite para a presentación da solicitude da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de Outubro de 2025.



Pagamento Final: A xustificación final ten carácter obrigatorio e realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas neste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A porcentaxe da subvención que reste por pagar tras a realización dos pagamentos parciais e do pagamento anticipado, de ser o caso, non se fará efectiva ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada.

A xustificación final deberá presentarse con data límite e improrrogable **do 9 de decembro de 2025**.

SÉTIMA.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PERANTE A DIRECCIÓN XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA.

Tanto no caso das xustificacións parciais como na final deberase presentar:

1) **Memoria económica** na que se consignará unha relación ordenada dos gastos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, segundo o modelo do Anexo 1.

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicarse a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

2) **Memoria da actuación** realizada con indicación das actividades realizadas e dos seus resultados segundo Anexo 2. A dita memoria abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas.

3) **Informe de auditor de Contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas** dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal extremo.



A auditoría realizarase de acordo co establecido na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A presentación da auditoría como forma xustificativa do gasto non exime á entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola lei.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria poderá solicitar a documentación soporte da auditoría, de acordo co establecido neste convenio.

Unha vez finalizada a revisión da conta xustificativa, o/a auditor/a deberá emitir informe que deberá incluír a listaxe dos xustificantes de gastos da totalidade da actividade subvencionada, selada e asinada por este/a.

O informe mencionará se a entidade beneficiaria facilitou canta información lle solicitou o/a auditor/a para realizar o traballo de revisión. No caso de que o beneficiario non facilite a totalidade da información solicitada, mencionárase tal circunstancia con indicación da información omitida.

O informe referirase ao resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supor un incumprimento por parte da entidade beneficiaria da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.

En todo caso, a verificación que debe realizar a auditoría de contas, terá o seguinte alcance:



autismoGALICIA

- a) O cumprimento por parte das entidades beneficiarias das obrigacións establecidas neste convenio e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.
- b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte das entidades beneficiarias tendo en conta a documentación complementaria que lle debe ser achegada segundo a cláusula OITAVA, e os gastos subvencionables determinados na cláusula NOVENA.
- c) Mención expresa á técnica de mostraxe empregada na revisión.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades, foron financiadas coa subvención.
- e) Enumeración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, coidando que non exista sobrefinanciamento das actividades.
- f) Coherencia da memoria de actuación cos documentos de xustificación económica. Se existe desviación respecto ao orzamento aprobado cuberto na memoria explicativa achegada no inicio da tramitación engadir explicación das desviacións.
- g) Mención ao grado de cumprimento do obxecto do convenio
- h) Mención ao cumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira.
- i) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas) do cumprimento do deber de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.



Se a entidade beneficiaria está obrigada a auditar as súas contas anuais por un auditor de conformidade coa Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o mesmo auditor.

No caso contrario, a designación do auditor será realizada polo propio beneficiario e terá condición de gasto subvencionable ata o límite indicado na cláusula NOVENA deste convenio.

4) Declaración de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma e de axudas recibidas ou solicitadas para o mesmo obxecto do convenio segundo anexo 3.

No caso do pagamento final, ademais, o informe de auditoría deberá facer mención expresa ao custo total repercutido do programa para a entidade e certificar que non existe sobrefinanciamento das actividades mediante a axuda establecida neste convenio e as outras axudas que a entidade reciba para o mesmo programa subvencionado.

A documentación xustificativa dos gastos presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica <https://sede.xunta.gal>, e dirixirse á Dirección xeral de Asistencia Sanitaria

OITAVA.- DOCUMENTACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA AUDITORÍA DE CONTAS POR PARTE DO/A AUDITOR/A.

Na conta xustificativa que a entidade beneficiaria **proporcione ao/á auditor/a**, ademais da relación ordenada de gastos e das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que figuren na conta xustificativa, deberase achegar a seguinte documentación segundo o tipo de gasto do que se trate:



1. Gastos correntes:

<p>1.a) Gastos de persoal: deberá achegarse, xunto coas nóminas correspondentes e os seus xustificantes bancarios de pagamento:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - TC1: Recibo de liquidación de cotizacións de cada mes do que se imputen nóminas. -TC2: Relación nominal de traballadores de cada mes do que se imputen nóminas. -Xustificante de pago mensual da Seguridade Social e modelo 111 trimestral xunto cos seus xustificantes de pagamento, sen prexuízo do indicado na cláusula NOVENA.
<p>1.b) Gastos de viaxe: deberán ir acompañadas de certificación do presidente no que se especifique quen realizou a viaxe e a necesidade do desprazamento dentro do obxecto do convenio, así como achegar tódolos recibís e billetes do medio empregado.</p>	
<p>1.c) Gastos de alugamento: ademais da factura e o xustificante bancario de pagamento, deberá achegarse:</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Copia do contrato de alugueiro. -Modelos 115 e 180 xunto co seu correspondente xustificante bancario de pagamento.
<p>1.d) Gastos de arrendamento de servizos:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Copia do contrato no que deberá reflectirse a categoría profesional, o período de prestación de servizos e as horas de intervención no programa. - Certificado do representante legal da entidade aclarando as razóns excepcionais polas que o programa non se pode desenvolver mediante persoal propio. - Factura que inclúa: Nome, apelidos e NIF do traballador, data e período de liquidación. Retención por IRPF. IVE aplicado, se procede. -Impresos 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF e xustificante bancario de pagamento que debe mostrar en que data se fixo o cargo na conta. - Copia do modelo 036 de declaración censual de alta.



[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

1.e) Gastos derivados da realización de auditoría de contas :	- Contrato no que figuren os honorarios e horas estimadas. - Factura e documento acreditativo de pagamentos.
1.f) Nos gastos derivados da calidade dos programas:	- Se o proceso se efectúa por persoal da propia entidade: os mesmos documentos esixidos para o persoal con contrato laboral. O gasto imputarase entón á partida de persoal. -Se o proceso o efectúa unha empresa: Contrato no que figuren horas estimadas e honorarios e facturas e documentos acreditativos de pago.
1.g) Nos caso de subcontratación de actividade a outras empresas:	- Declaración responsable da persoa representante legal da entidade subcontratada de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o **1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025**, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente



xustificadas, sexa necesario modificar esta. O custe máximo imputable será o determinado polo convenio colectivo de aplicación.

No caso das pagas extraordinarias poderase imputar a parte proporcional das meses e horas imputadas de esas nóminas ás actividades do programa.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizadas polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos de aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia, ao que se lle deu publicidade mediante Resolución do 24 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe

O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78 €
MANUTENCIÓN	44,09 €
KILOMETRAXE	0,26 €/KM

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga,luz...)



non poderán ser imputados ao 100% agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

b.4) Gastos derivados da realización da auditoría de contas. Como máximo ata un 3% do importe do convenio.

b.5) Gastos derivados da realización de auditorías de calidade e establecemento de plan de calidade.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

Sen prexuízo das funcións que lle corresponden a Comisión Mixta Paritaria, as dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición da entidade solicitante.

DÉCIMA.-REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electronicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do



procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO" (PRO04A)", dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA.

Constituírase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

1. Dúas persoas representantes do Servizo Galego de Saúde.
2. Dúas persoas representantes da Federación.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO TERCEIRA. - REVOGACIÓN E REINTEGRO.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o


autismoGALICIA

Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Federación Autismo Galicia nas cláusulas deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. -INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL.

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da Federación Autismo Galicia que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que a terse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME DE REXISTROS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.



DÉCIMO SÉTIMA.-DEBER DE COLABORACIÓN.

A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO OITAVA.-PUBLICIDADE.

A Federación Autismo Galicia comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa tanto publicacións (artigos científicos, material de divulgación) como entornos dixitais (webs, etc), o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, e indicando que o programa é financiado en virtude deste convenio de colaboración, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e consonte ás condicións e requisitos sinalados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.



DÉCIMO NOVENA.- PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

VIXÉSIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes.



Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. SINATURA DO CONVENIO.

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das partes asinantes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei Galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

VIXÉSIMO SEGUNDA. OBRIGAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril d 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

1. Tratamento de datos persoais dos asinantes deste convenio

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a formalización e desenvolvemento deste convenio, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, o número de DNI ou documento equivalente e a súa



sinatura.

A base legitimadora do tratamento destes datos persoais é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito.

As persoas asinantes manifestan o seu consentimento para que poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto aqueles datos persoais, de entre os recollidos neste convenio, e mailo resto de especificacións nel contidas, que poidan resultar necesarios para o cumprimento da lexislación vixente en materia de información pública.

Respecto dos datos persoais sobre os que cada unha das partes ostente a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante estas o acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPD respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para o mantemento e cumprimento do convenio.

2. Deber de confidencialidade

As partes asinantes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos, datos e informacións que lle sexan confiados para a formalización e desenvolvemento do presente convenio. Así mesmo, quedan expresamente obrigados:

- A utilizar dita información exclusivamente no ámbito da relación obxecto de


autismoGALICIA

convenio e para os fins nel establecidos;

- A non comunicala, total ou parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos supostos previstos pola lei, requiríndose o mesmo compromiso do persoal do seu servizo ou de quen colabore con eles no execución do convenio;

- A facilitar o acceso á información só ao persoal que a precise para o desenvolvemento da citada relación, ao que se lle comunicará a obriga de tratar a información á que teña acceso de xeito estritamente confidencial.

- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu

Considerarase información confidencial aquela á que as partes asinantes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase aínda despois de finalizada a relación que vincula ás partes.

E en proba de conformidade asíñase polas partes este convenio en duplicado exemplar, no lugar e data enriba sinalados.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE



Antonio Gómez Caamaño

POLA FEDERACIÓN AUTISMO DE GALICIA



María Mercedes Fernández Angulo

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Asociacións que compoñen a federación no ano en curso (indicando nome da asociación, o seu representante, o CIF e a localización).
2. Balance de ingresos e gastos da federación.
3. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
4. Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral:
Campañas de difusión: descrición da campaña, datas e lugar de realización, perfil e número de persoas destinatarias,
Charlas: descrición, relatores, data e lugar de realización, número de asistentes (desagregado por sexo)
5. Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA:
Obxectivos do curso, programa do curso, docente e participantes, lugar de realización, data e número de horas, número de asistentes desagregado por sexo.
6. Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA: descrición das actividades, obxectivo, persoas destinatarias, lugar de realización e número de horas, número de persoas beneficiarias (desagregado por sexo).
7. Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades:
descrición das actividades, lugar de desenvolvemento, número de persoas beneficiarias (desagregadas por sexo).
8. Modelo de indicadores de actividade descrita no Anexo 4.

ANEXO 4: INDICADORES DE ACTIVIDADE

OBXECTIVO	NÚMERO ACTIVIDADES	NÚMERO DE BENEFICIARIOS DIRECTOS HOMES	NÚMERO DE BENEFICIARIAS DIRECTAS MULLERES
Desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral.			
Desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA.			
Desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA.			
Desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.			
NÚMERO DE BENEFICIARIOS DISTINTOS DIRECTOS HOMES	NÚMERO DE BENEFICIARIOS DISTINTAS DIRECTAS MULLERES		

